

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

Acordo da Mesa do Parlamento, do 11 de abril de 2018, polo que se amplía excepcionalmente o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei, de iniciativa popular, de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia [(doc. núm. 339, 10/PPLI-000001)]

Á vista do escrito do Grupo Parlamentario Popular de Galicia polo que solicita unha prórroga excepcional ata o 11 de xuño de 2018 (doc. núm. 29082 e c.e. 29094). A motivación da prórroga radica na necesidade, para o exercicio do dereito de emenda dos deputados, de contar co informe solicitado á Comisión Superior para o estudo do desenvolvemento do Dereito Civil de Galicia, sobre o posible encaixe da precitada proposición de lei dentro das competencias autonómicas en materia de dereito civil especial (doc. núm. 21796), e que aínda non se ten recibido.

A Mesa do Parlamento, logo do acordo favorable da Xunta de Portavoces, ao abeiro do artigo 96.2 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Ampliar excepcionalmente o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei, de iniciativa popular, de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia, ata o día 11 de xuño de 2018 ás 18.30 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 9 de abril de 2018, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

- 28765 - 1378 (10/PRE-000257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 3 máis

Sobre o contido das axudas da Consellería do Mar dirixidas ás organizacións de produtores pesqueiros para colaborar na preparación e aplicación dos seus plans de produción e comercialización